

## ANEXO: Solicitud de participación na IV convocatoria para o recoñecemento de boas prácticas de calidade nos centros docentes da USC (2022)

<b>Centro propoñente:</b> Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais
<b>Denominación da práctica:</b> Programa de benvinda ao centro: Guía do Profesorado e Guía do estudantado. <b>Práctica xeral</b>
<b>Procesos do SGC implicados:</b> PC-03: Apoio a estudantes e PS-01: Xestión dos recursos humanos.
<b>Datas de desenvolvemento da práctica:</b> Planificación: A guía de estudantado propúxose como acción de mellora na memoria de calidade do centro do curso 17/18 e elaborouse no curso 18/19. A guía de profesorado propúxose como acción de mellora na memoria de calidade do curso 20/21 e elaborouse no curso 21/22. Implantación: A guía de estudantado no curso 18/18 e a guía de profesorado no curso 21/22. Avaliación: Nos cursos seguintes á implantación. Axuste e mellora: Ambos documentos están en constante revisión como se explica a continuación.
<b>Breve descrición da práctica:</b> A guía de estudantado da facultade data do curso 18/19 e revísase e actualízase tódolos anos. <a href="https://acortar.link/zlzaS">https://acortar.link/zlzaS</a> A guía de profesorado publicouse no curso 21-22. <a href="https://acortar.link/rzA7YJ">https://acortar.link/rzA7YJ</a> Trátase dunha acción que incide directamente nos procesos estratéxico e de soporte de calidade, en particular no <b>PC-03: Apoio a estudantes</b> e no <b>PS-01: Xestión dos recursos humanos</b> . Na guía de estudantado figura información moi útil e relevante para o alumnado: <ul style="list-style-type: none"><li>- Plan de acción tutorial, programas de prácticas, mobilidade, actividades complementarias á docencia...</li><li>- Vías de comunicación dispoñibles ao seu alcance: coordinadores/as de título e curso, redes sociais, campus virtual, correo electrónico institucional, alumando titor...</li><li>- Información relativa ao persoal, instalacións e servizos dispoñibles no centro.</li><li>- Aspectos relativos á organización docente que poden ser de interese do alumnado: distribución de horarios e grupos, exames, avaliación,...</li><li>- Difusión do Sistema de Garantía de Calidade do centro: documentación do SGC, memoria de calidade do centro, manual do SGC e manual de procesos do centro, plan estratéxico...</li><li>- Información sobre o proceso a seguir en relación a suxestións, queixas e reclamacións.</li></ul> A elaboración da guía do estudantado propúxose como <b>acción de mellora na memoria de calidade do centro do curso 17-18</b> . No que se refire ao profesorado, nos últimos anos tiveron lugar numerosas novas incorporacións ao persoal docente do centro e, dende o Decanato, decidiuse crear un Comité de Benvinda (composto por parte do equipo decanal) e elaborar unha guía para o profesorado (a modo de manual de benvinda). Esta acción propúxose como <b>acción de mellora na memoria de calidade do centro do curso 20-21</b> . Así, no curso 21-22, púxose en marcha o programa de benvinda á Facultade realizando unha reunión/almorzo co profesorado de recente incorporación e presentándolle a guía de profesorado co fin de que puidesen resolver posibles dúbidas en relación ao funcionamento do centro e da docencia e, ao mesmo tempo, propuxesen cuestións ou temas a incluír na guía en futuras actualizacións. Esta reunión serviu tamén para que o profesorado novo se coñecese entre si e coñecese ao equipo decanal do centro e ao persoal da unidade de xestión. A guía de profesorado inclúe información relativa aos seguintes aspectos: <ul style="list-style-type: none"><li>- Persoal do centro, órganos de goberno (comisións do centro), titulacións impartidas...</li><li>- Vías de comunicación: redes sociais, correo institucional, taboleiros,...</li><li>- Plan de acción tutorial</li><li>- Organización docente: coordinación da actividade docente, distribución de grupos, avaliación do alumnado...</li><li>- Operativa docente: titorías, guías docentes, aulas virtuais de coordinación, xestión dos tfgs/TFMs, rexistro da actividade docente...</li><li>- Secretaría virtual do PDI</li><li>- Sede electrónica</li><li>- Xestión das incidencias informáticas</li><li>- Difusión do Sistema de Garantía de Calidade do centro</li></ul>

### **Breve avaliación da eficacia da práctica:**

A guía de estudantado ten mostrado ser moi útil para o centro. A continuación destácanse distintos usos e momentos ao longo do curso nos que se emprega esta guía:

- Este documento emprégase como guión para a preparación da presentación da sesión de benvida.
- Na xornada de benvida o alumnado é informado da dispoñibilidade desta guía e dos contidos máis destacados..
- Así mesmo, esta guía ponse a disposición do alumnado titor na sesión formativa que se lle ofrece no centro e, nesa mesma sesión, recóllese a súa opinión sobre posible información adicional a engadir para cursos posteriores.
- Ademais da operativa e funcionamento do centro, a través da guía faise difusión do Sistema de Garantía de Calidade do centro.

No que se refire ao comité de benvida e a guía de profesorado, tanto as accións de benvida desenvolvidas polo centro como o propio documento foron moi ben acollidas polo persoal docente de recente incorporación. Concretamente, o comité de benvida mantivo unha reunión co profesorado novo o día 7 de abril de 2022. Nesa reunión presentouse a guía ao profesorado. O profesorado novo destacou a utilidade do documento e agradeceu a celebración da xuntanza.

Pediuse ao novo profesorado que propuxesen as cuestións que lles parecería de interese engadir e, recibidas as súas suxestións, revisouse o documento e publicouse a versión final na páxina web. O Decano informou ao resto do profesorado na Xunta de Facultade do 18 de xullo de 2022. <https://acortar.link/ERSUhX>  
Este mesmo proceso realizouse no curso 22-23, concretamente o 2 de novembro de 2022, como se pode comprobar nas redes sociais da facultade.

<https://www.linkedin.com/feed/update/urn:li:activity:6995380838230052868>.

O profesorado novo neste curso tamén valorou moi positivamente a celebración da xuntanza e o documento á súa disposición.

Tanto a guía de estudantado como a guía de profesorado, son documentos vivos, en constante revisión e actualización.